



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO MEIRAMA 76, NOS CONCELLOS DE CERCEDA E A LARACHA (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREEN STONE RENEWABLE IV, SL (CLAVE: 2020/0279)**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1 d) que os proxectos incluídos no apartado 2 do artigo 7 serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei, que no seu grupo 4.g recolle os parques eólicos non incluídos no anexo I, agás aqueles destinados ao autoconsumo que non excedan os 100 kW.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que non se atopa entre os supostos de parques eólicos do anexo I e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Non obstante, o promotor solicitou a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EslA) ao abeiro do apartado 2 do artigo 33 da Lei 21/2013, e presentou o documento inicial ao abeiro do artigo 34 da antedita lei. Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

## **1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO**

### **1.1. Promotor e órgano substantivo**

O promotor do proxecto é a sociedade Green Stone Renewable IV, SL e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

### **1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización**

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto denominado a efectos de tramitación como parque eólico Meirama 76, ten por obxecto a execución dun parque eólico 21 MW de potencia total nos concellos da Cerceda e A Laracha (A Coruña), composto por 6 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, centro de seccionamento e control, edificio de control, unha torre meteorolóxica, liña de evacuación e unha posición transformadora de potencia.

As infraestruturas do proxecto localizaranse dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.





As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 6
- Modelo previsto: 4 aeroxeradores modelo Vestas V136 de 3,45 MW, 2 aeroxeradores de 3,6 MW Class IIIA ou semellante
- Potencia total instalada: 21 MW.
- Altura de buxa: 132 m
- Diámetro de rotor: 136 m
- Orzamento (execución material): 27.421.492,67 €.

A torre meteorolóxica terá unha altura de 130 metros. O centro de seccionamento e control contará cun edificio que disporá das seguintes salas: unha sala independente para as celas de media tensión con illamento sólido ou en SF6 e transformador de servizos auxiliares, unha sala de equipamento para as instalacións de servizos auxiliares, mando, medida, proteccións, control e comunicacións do centro de control, unha sala para os equipamentos de control eólico do parque, vestiarios, unha sala para grupo electrógeno e un almacén.

Co fin de evacuar a enerxía xerada no parque eólico proxéctase unha liña eléctrica de 30 kV e 13.294 m de lonxitude total entre o centro de seccionamento e a subestación 30/220 kV do parque eólico Meirama promovida por Naturgy Renovables, SLU e obxecto doutro proxecto que conta con declaración de impacto ambiental do 02.11.2022. A liña está composta por dous tramos aéreos cunha lonxitude total de 11.956 metros e 73 apoios metálicos de celosía, e tres tramos soterrados de 1.338 metros en total.

- Tramo 1: primeiro tramo soterrado, que ten orixe no centro de seccionamento do PE Meirama -76 e fin no apoio nº 1 de 20 metros de lonxitude e tipo de condutor de 30 kV.
- Tramo 2: tramo aéreo con orixe no apoio nº 1 e fin no apoio nº 39 de 6.759 km de lonxitude e proxéctase sobre 39 apoios.
- Tramo 3: tramo soterrado que parte do apoio nº 39 e finaliza no apoio nº 40 de 539 metros de lonxitude.
- Tramo 4: tramo aéreo con orixe no apoio nº 40 e fin no apoio nº 73 de 5.197 km de lonxitude e proxéctanse sobre 34 apoios.
- Tramo 5: tramo soterrado que parte do apoio nº 73 e finaliza na SET 30/220 kV Meirama de 780 metros de lonxitude.

A configuración dos tramos aéreos é de simple circuíto, en disposición triangular, con condutor LA-280 e cable de garda de fibra óptica tipo OPGW.


Ademais, inclúese a execución das infraestruturas eléctricas complementarias para a conexión do parque eólico Meirama - 76 coa SET 30/220 kV Meirama que está a tramitar Naturgy Renovables, SL nunha parcela dentro do complexo industrial da central térmica de Meirama. Consistirá nun transformador de potencia 30/220 kV e a aparellaxe asociada e construírse no interior das instalacións da antedita SET 30/220 kV Meirama. Desde a dita subestación evacuarase a enerxía conxuntamente con outros parques eólicos a través da subestación existente Meirama 220 kV de Red Eléctrica de España (REE).

O prazo estimado de execución do proxecto é de 12 meses.





Inclúese a continuación un plano coa configuración do proxecto sometida a información pública:





O extremo sueste da área de estudo esténdese sobre parte dunha área definida como "Área de captación de zona sensible", vinculada á zona sensible Encoro de Villasenín ou San Cosmade. A actuación proxectada neste ámbito é a canalización duns 85 metros do tramo soterrado final a través do que a liña finaliza na SET Meirama e inscríbese completamente nos terreos da antiga Central térmica de Meirama, polo que non se espera a xeración de afeccións sobre esta zona protexida como consecuencia da implantación do proxecto.

Dentro da área de estudo inclúese unha captación subterránea para abastecemento humano na parroquia de San Román das Encrobas que non se verá directamente afectada por ningunha das infraestruturas do proxecto.

Os usos maioritarios do chan na área de estudo son os bosques de frondosas, que cobren o 25,85% da superficie total, seguido pola combinación de cultivos con vexetación (19,97%), matogueira (13,95%), cultivo herbáceo (11,89%), bosque mixto (11,39%) e, xa cunha cobertura inferior ao 10% do total, combinación de vexetación (7,44%) e bosque de coníferas (3,39%).

Os demais usos do chan na área de estudo presentan unha cobertura inferior ao 2% do total, como é o caso da superficie destinada a infraestruturas de subministración (1,75%), rede viaria e ferroviaria (1,29%), ou centro urbano (0,70%).

Segundo a documentación, con respecto á vexetación actual da zona de estudio, ao estar o territorio sometido a aproveitamento forestal, a carballeira desaparece na súa maioría, sendo substituída por plantacións de *Eucalyptus globulus* e plantacións de piñeiro nas que se empregaron *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, polo que correspóndese de forma maioritaria con plantacións de aproveitamento forestal de eucalipto e piñeiro sometidas a distintos graos de manexo. Os diferentes graos de roza das plantacións provocan distintos desenvolvementos de monte baixo, no que se inclúen especies como *Pteridium aquilinum*, *Ulex europaeus*, *Cytisus striatus*, *Daboecia cantabrica*, *Erica umbellata* ou *Erica ciliaris* nos chans máis húmidos. Nos casos de menor frecuencia de roza, existe un estrato arbustivo con representación de *Ilex aquifolium*, *Frangula alnus*, *Castanea sativa* e *Quercus robur*.

En canto á matogueira, no territorio predomina a toxeira (*Ulex europaeus*), con presenza doutras especies arbustivas como *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris* ou *Halimium alyssoides*. Nas inmediacións dos cursos fluviais presentes na zona de estudo aparece a vexetación aluvial característica, con amieiros (*Alnus glutinosa*) como especie predominante, acompañada por outras especies como freixos (*Fraxinus excelsior*) ou salgueiros (*Salix spp*) entre outros; O sotobosque destas formacións constitúeno arbustos dos xéneros *Ulex*, *Rubus*, *Erica*, *Cytisus*, *fentos* e *herbáceas*.

En canto aos hábitats segundo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na zona de actuación localízanse teselas nas que se localizan os seguintes hábitats: 4030 (Uceiras secas europeas), 4020\* (Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*), 4090 (Uceiras oromediterráneas con toxo e 91EO\* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*).

Non se localizaron taxóns incluídos no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas nin no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

No relativo á fauna, o grupo de especies máis sensible á implantación do parque eólico é o das aves. En época de invernada, e especialmente nos pasos migratorios, en base ás características de hábitats da área e á información existente é previsible atopar por unha banda especies xeneralistas ou de distribución ampla en paso ou invernada en Galicia ou en hábitats similares (como poden ser *Anthus pratensis* ou *Phylloscopus ibericus*, observadas durante os traballos de campo), con algunhas outras de distribución máis restrinxida ou maior interese pola súa escaseza.

En canto ás aves rapaces, é destacable a posible presenza en período reprodutor de *Circus pygargus* e *Circus cyaneus*, especies que non foron detectadas durante os traballos de caracterización de fauna desenvolvidos na zona e que están catalogadas como "Vulnerable" no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CGEA), no caso do *Circus pygargus*.





Ademais, de acordo coa bibliografía consultada, é posible a presenza na zona en época estival de *Accipiter gentilis*, *Buteo buteo*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Falco subbuteo* e *Falco tinnunculus*.

Segundo o EslA, durante as visitas realizadas para a realización de estacións de observación de aves rapaces, grandes planadoras e córvidos na área de estudo producíronse 1.519 contactos con *Larus michahellis*, 131 con *Corvus coroe*, 31 con *Corvus corax* e *Buteo buteo*, 4 con *Milvus migrans* e *Pernis apivorus*, 2 con *Falco tinnunculus* e contactos puntuais con *Accipiter gentilis* e *Falco subbuteo*. Avistáronse, ademais, un total de 14 láridos e 2 aves rapaces cuxa especie non resultou posible determinar con seguridade por mor da distancia e a brevidade da observación. En canto aos itinerarios de censo, rexistrouse a presenza de polo menos 74 especies distintas, principalmente paseriformes e aves de gran tamaño, aínda que tamén se rexistrou a presenza de aves rapaces como *Buteo buteo*, *Accipiter gentilis*, *Accipiter nisus* ou *Hieraaetus pennatus*. Ningunha das especies de aves detectadas se inclúe no Catálogo Galego de Especies Ameazadas ou no Catálogo Español de Especies Ameazadas.

Destacar que ningunha das infraestruturas que conforman o proxecto se inclúe dentro das áreas consideradas prioritarias de reprodución, alimentación, dispersión ou concentración local de aves incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Dentro dos mamíferos destaca a presenza de *Lutra lutra* en todas as cuadrículas avaliadas no estudo e de lobo *Canis Lupus* na cuadrícula 29TNH38, non sendo previsible a afección sobre as poboacións de mamíferos (non quirópteros).

Respecto dos quirópteros, detectouse a presenza de *Pipistrellus pipistrellus* e *Eptesicus serotinus* na zona de estudo, estando tamén presentes taxones de hábitos marcadamente forestais como *Barbastella barbastellus* ou representantes dos xéneros *Myotis* e *Plecotus*, xunto a especies menos frecuentes como *Hypsugo savii* ou representantes do xénero *Nyctalus*.

A diversidade de especies de anfibios é importante, e aínda que a maioría de taxons presentan unha distribución ampla en Galicia, inclúense tamén especies de distribución máis restrinxida ou que presentan un estado de conservación desfavorable, como é o caso de *Hyla molleri*, *Ra iberica* ou *Chioglossa lusitanica*, catalogadas como "Vulnerable" no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. No relativo a especies de réptiles potencialmente presentes na área de instalación do proxecto considérase posible a presenza de *Anguis fragilis*, *Coronella austriaca*, *Natrix astreptophora*, *Natrix maura*, *Lacerta schreiberi*, *Podarcis bocagei*, *Timon lepidus*, *Chalcides striatus* e *Vipera seoanei*.

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Chairas e Fosas Occidentais e Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas de Bergantiños e Terra de Ordes, respectivamente. A área de especial interese paisaxístico máis próxima é a AEIP-10-09 Monte do Xalo, situada a 4 km ao nordés do aeroxerador ME-01. En relación aos miradoiros, o máis próximo sería o de Santa Marta, a 3,2 km ao norte da posición ME-04 e o Miradoiro sobre a mina en Meirama a 3,5 km ao oeste do ME-01. Máis lonxe aparecen o Monte Xalo e o Monte de Santa Locaia, a 6,6 km ao noroeste e 7 km ao norte do aeroxerador ME-01, respectivamente. Respecto a outros elementos de interese recollidos no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) sitúase a uns 4 km ao leste do final da liña de evacuación. Ademais, a 3,3 km ao sueste do aeroxerador ME-03 discorre o sendeiro PR-G 131 Cerceda-Portobrea, que é atravesado pola liña eléctrica. Outras rutas na contorna son o PR-G 130 Meirama-Xalo-Meirama e o PR-G 129 Senda Rodis-Xesteda, a 3,8 km e 4,8 km ao leste e sur dos aeroxeradores.

No tocante aos espazos naturais protexidos, o EslA indica que dentro do ámbito de 15 km en torno á área de estudo definida non se localiza ningún dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexido.

A área de estudo non inclúe ningunha superficie pertencente á Rede Natura 2000, aínda que dentro da área situada no 15 km circundantes localízanse varios espazos pertencentes a esta rede comunitaria.





Ademais dos espazos naturais incluídos nas figuras mencionadas, no ámbito do 15 km en torno á área de estudo atópanse a IBA Costa da Morte Norte e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

No relativo ao patrimonio cultural, segundo o EsIA no ámbito de estudo identificáronse 25 elementos ou bens patrimoniais, 21 deles de carácter arqueolóxico e 4 elementos de carácter arquitectónico ou etnolóxico: O Forno dos Mouros GA15041019, Forno dos Mouros do coto de Altamira GA15041024, O Castro/Os Castros GA15024020, Área control específico Chousa do Coto e área de control específico Castro Virís - Curro da auga, Túmulo da Pena da Pía GA15024003, Pedra da Cabirta, Mámoa da Lagoa GA15024047, Mámoa de Perravella 1 o Mámoa do Ramalliño GA15024010, Medoña REF15024006, Mámoa da Gatañeira GA15041031, O Forno dos Mouros-Silvoso GA15041025, Mámoa de Perravella 2 GA15024033, Estrutura de Pumar ou de Porta Leiras REF15024003, Alto da Meda TOP15041008, Mámoa de Monte Pantín 1 GA15024008, Mámoa de Monte Patín 2 GA15024009, A Torre TOP15024003, Mámoa de monte da Meda, Fonte das Meigas TOP15041003, Túmulo de As Medorras/Fonte do Ouro GA15041026, Hórreo do Coto de Abaixo (As Encobas. Cerceda), Conxunto de Soandres (Laracha), Muíño de Portofranco (Queixa. Cerceda), Muíño da Bouza (Soandes. A Laracha). En relación co camiño de Santiago, a área de estudo atópase a 3,4 km ao oeste do trazado do Camiño Inglés, na súa variante que parte da cidade da Coruña.

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

O 18.05.2020, Green Stone Renewable IV, SL presentou unha solicitude de autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para o proxecto denominado parque eólico Meirama 76, ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental.

O 20.11.2020 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notifica ao promotor o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 30 e 31 da Lei 8/2009.

O 29.12.2020, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicita do órgano ambiental a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental, ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, achegando xunto coa solicitude de autorización presentada polo promotor o 18.05.2020, o documento inicial do proxecto de agosto 2020 e o proxecto de execución de agosto 2020, ambos presentados o 21.08.2020, xunto cun un escrito do promotor do 3.11.2020 no que, entre outras cuestións, sinala o contido do que é obxecto o alcance do proxecto de execución visado.

Atendendo ao anterior, co obxecto de elaborar o dito documento de alcance, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental, iniciou o período de consultas previsto no antedito artigo 34. As administracións, organismos e entidades consultadas para os ditos efectos foron as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Turismo de Galicia
- Augas de Galicia
- Concellos de Cerceda e A Laracha
- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Sociedade Galega de Ornitoloxía





Unha vez finalizado o dito período de consultas, mediante oficio do 26.03.2021 a entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático remitiulle ao órgano substantivo o documento de alcance do EslA cunha serie de consideracións sobre a amplitude e nivel de detalle do EslA a elaborar polo promotor, con copia das respostas recibidas ata ese momento (direccións xerais de Emerxencias e Interior, Saúde Pública, Axencia Turismo de Galicia, Augas de Galicia, Concello de Cerceda e a SGHN) así como as achegas ou suxestións de asociacións e particulares recibidas a través de diversas canles.

Así mesmo, trasladáronse unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar o órgano substantivo na avaliación de impacto ambiental ordinaria (información pública e a relación dos organismos a consultar sobre o EslA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Con posterioridade á emisión do devandito oficio, recibíronse alegacións, suxestións ou achegas de asociacións e particulares por diversas canles, recibíuse a resposta do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en resposta ás consultas efectuadas polo órgano ambiental sobre o alcance do EslA, dándosele traslado ao órgano substantivo para que llas achegase ao promotor.

Mediante Acordo do 27 de outubro do 2022 (publicado no DOG núm. 212, do 08.11.2022), a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do proxecto do parque eólico Meirama, denominado para os efectos de tramitación Meirama (76), nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña), incluíndo entre a documentación sometida ao trámite, o proxecto de execución (setembro 2022-asinado 6.9.2022) e o estudo de impacto ambiental (xaneiro 2022-asinado 19.10.2022).

Así mesmo, en consonancia ao anterior, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o EslA.

O 05.01.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia, remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a documentación correspondente ao expediente de avaliación de impacto ambiental do parque eólico Meirama 76, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

O 17.01.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, remite documentación adicional, consistente nas respostas do promotor a varios informes e alegacións.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

▪ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), emite informe con data do 30.12.2022 no que se analizan o *Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama Modificado e LMT 30kV CCS PE Meirama Modificado-SET Meirama. Xaneiro 202* e a, *Adenda ao Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama Modificado e LEMT kV CCS PE Meirama Modificado- SET Meirama*, emitíndose unha serie de consideracións técnicas sobre o contido dos citados documentos.





Indícase que de acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como os planeamentos municipais, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico, da liña, da SET, e na súa poligonal existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados no *Estudo de Impacto sobre o patrimonio cultural* incluído como Anexo H do EIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras, aínda que se sinala que as coordenadas de localización incluídas nas fichas dos elementos hórreo do Coto de Abaixo e Muíño de Portofranco son erróneas.

Menciónase que na documentación presentada (Anexo H) sinálase que foi localizado, durante os traballos de gabinete, utilizando a cartografía LiDAR e o mapa de pendentes, un posible túmulo, denominado polo equipo arqueolóxico, da *Chousa do Coto*. Dito posible xacemento non puido ser confirmado durante o traballo de campo, debido ao estado da vexetación. Sitúase a 100 metros do apoio 65, e a 90 metros do voo da liña entre os apoios 65 e 66 e dos accesos aos apoios 67, 66 e 65. O acceso é baixo o voo da liña e non utiliza ningún vieiro existente. O segundo tramo de liña soterrada, entre os apoios 39 e 40, sitúase a uns 175 metros da contorna de protección, establecida polo Plan Básico Autonómico, do *Castro de Virís*, GA15024020.

Asemade, no Anexo H, establécese a área de control específico Castro Virís–Curro da Auga (ao NW da zona de cautela de O Castro/Os Castros. GA15024020, nun contorno superior ao establecido polo PBA), pola presenza dunha anomalía do terreo, susceptible de ser un túmulo. Considérase unha área arqueolóxica de grande potencialidade. Non puido ser confirmada como xacemento polas condicións da vexetación e do acceso a parcela. Sitúase ao norte do apoio 39, nas coordenadas UTM x: 543664.70, y: 4779757.11, a 165 metros da gabiá de cableado soterrada, no punto mais próximo.

Consultada a cartografía catastral e o modelado do terreo LIDAR, aprecia as seguintes anomalías topográficas:

- Topónimo *Capilla*, UTM x: 541700.92, y: 4782654.42: no S da poligonal aínda que lonxe das obras do parque (a pouco mais dun quilometro). Non se aprecian estruturas asociadas.
- UTM x: 541802.49, y: 4782754.69: a uns 145 metros ao N do topónimo anterior apreciase unha anomalía compatible coa presenza dun xacemento arqueolóxico (túmulo).
- UTM x: 541740.92, y: 4779392.85: ao SW da liña de evacuación, a uns 150 metros do apoio 26, a 195 m do 27 e a 145 m do voo entre ambos apoios.

Finalmente, a DXPC informa favorablemente o documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama modificado y LEMT 30 kV CCS PE Meirama – SET Meirama*, Xaneiro 2022, e o proxecto de interese autonómico de xaneiro 2022, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo H do EslA e tendo en conta unha serie de consideracións e conclusións entre as que se atopan as seguintes:

- Deberán revisarse as anomalías referidas nas consideracións técnicas do informe da dirección xeral, no caso de confirmarse como xacementos arqueolóxicos, deberá completarse o EslA coa cualificación de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Deberá modificarse a traza da gabiá soterrada entre os apoios 39 e 40, pola súa proximidade ao Castro de Virís, GA15024020 (175 metros ao SE). Débese situar fora dos 200 metros de protección que lle proporciona a Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016), pola posible aparición de restos arqueolóxicos vinculados ao Castro.





- Tal e como se indica nas medidas correctoras do Anexo H, modificarase o acceso ao apoio nº 69 da LMT para que o seu trazado non discorra pola contorna do hórreo do Coto de Abaixo en San Román das Encrobas (Cerceda).
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, traballos de construción do parque eólico e da liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro ben que puidera aparecer no transcurso das obras. No caso de aparecer restos arqueolóxicos no marco do control e seguimento arqueolóxico, deberá comunicarse inmediatamente á DXPC, cubrindo o modelo normativizado de ficha de inventario, e completarse o EsIA coas correspondentes cualificacións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.

Finaliza indicando que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

O promotor presenta un escrito de resposta de conformidade de data 13.01.2023 no que indica que levará a cabo as cuestións sinaladas pola dirección xeral.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o 18.12.2022 emite un informe no que, tras resumir as características principais, sinalase que o lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos; que nin na área de implantación do parque eólico, nin na liña de interconexión se rexistra ningún espazo con figura de protección pertencente a Rede Natura 200; que a zona de actuación da liña solápase uns 400 metros do tramo final soterrado dentro dos límites da reserva da biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", dentro da zona de transición e que o desenvolvemento do proxecto no afecta zonas húmidas inventariadas de acordo co Inventario de humidaís de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño. A poligonal do proxecto non se inclúe dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.





Así mesmo, indica que Indica que de conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), na zona de actuación localízanse teselas onde se identifican os hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios.

Sinal que no ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras e que segundo se deriva da información dispoñible na dirección xeral, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto correspóndense coa área de distribución de varias especies protexidas de fauna incluídas no CGEA (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Discoglossus galganoi*, *Geomalacus maculosus*, *Milvus milvus*, *Gallinago gallinago*, *Vanellus vanellus*, *Scolopax rusticola*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Numenius arquata*, *Emberiza schoeniclus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinu*).

Fai mención a que o proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio, localizándose sobre unha área tipificada como potencial, se ben non prevé ningunha afección sobre a especie, ao non confirmarse a existencia de ningún humidal no ámbito de actuación.

Con respecto ao estudo efectuado polo promotor dos efectos acumulativos e sinérxicos do proxecto, a dirección xeral analiza o contido do Anexo K incluído no EslA onde se identifican os elementos sinérxicos das infraestruturas no ámbito de 15 km desde os aeroxeradores e a traza da liña do proxecto. As análises sobre os distintos subfactores realízanse no ámbito dos 5 km exceptuando os espazos naturais protexidos que se analizan no ámbito de 10 km e o paisaxe que se analiza en 15 km.

A continuación fai a súa valoración con respecto aos posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do proxecto.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación, conclúe informado que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que emite informe favorable, supeditado ao cumprimento dunha serie de condicións entre as que se atopan as seguintes:

Previamente ao inicio dos traballos debe comprobarse a ausencia de especies protexidas e de demostrarse a presenza de especies do CGEA, prohibese calquera actuación que lles afecte, debendo comunicarllo á dirección xeral a través do seu Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, para tomar as medidas oportunas e no seu caso solicitar a correspondente autorización de acordo co Decreto 88/2007, do 19 de abril. Incluíndo os taxóns de flora ameazados que se poidan atopar no ámbito de afección do proxecto, incluída a rede primaria de xestión de biomasa conforme aos requirimentos da Lei 3/2009, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e á fauna anfibia asociada ás zonas húmidas

Ademais, en ningún momento os hábitats de interese comunitario existentes na contorna poderán verse afectados directamente polos traballos, nin indirectamente por tarefas asociadas aos mesmos. Engade unha serie de medidas relativas á conservación do arborado de ribeira e a alteración da calidade das augas, tendo en conta os condicionantes da Lei 2/2021, de 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, de xeito que non se afectará mais vexetación de ribeira da estritamente necesaria, evitárase o depósito de residuos ou produtos sólidos para evitar arrastres das augas, sinala a prohibición de efectuar verteduras de material contaminante ou calquera vertido que afecte á calidade das augas continentais e a necesidade de tratar as augas que saian das zonas de instalacións de obras e augas procedentes de formigonados, a prohibición de verter material contaminante e tomar as medidas de seguridade para evitar derramos, nese sentido, sinala que non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais. Tamén recolle que se durante as obras se detecta ou demostra calquera afección





significativa sobre os valores naturais da zona, comunicarao ao Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

Así mesmo, fai énfase na importancia de aplicar accións para a protección da avifauna e quirópteros, polo é necesario que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros. Entre as medidas sinaladas atópanse:

Para os quirópteros: restrinxir a rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime e informar no PVA sobre os tempos en que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeneradores permaneceron parados.

Para a avifauna, implantar tecnoloxías de redución do impacto por colisión, tales como: sistemas de detección baseados en vídeo (tipo DTBird), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade na localización das turbinas. Como medida disuasoria pasiva, recolle o pintado dunha das pas do rotor de cada aeroxenerador. Sinalan que o plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque comparándoa coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes con aeroxeneradores sen pintar para informar se a medida resulta eficaz e avaliarán tanto o impacto dos parques eólicos por colisión sobre as aves e os morcegos como a efectividade das medidas. Engade ademais un apartado no que inclúe as condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación.

O promotor presenta un escrito de data 13.01.2023 de conformidade co informe.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) o 05.12.2022 emite un informe no que se indica que o ESIa aportado inclúe un EIIP (data de novembro 2021) como documento específico (anexo D).

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. A incidencia visual sobre os núcleos de poboación será alta debido á distancia existente, algúns deles situados a menos dun quilómetro dos aeroxeradores, e moi próximos tamén aos apoios da liña de evacuación. Respecto aos núcleos de maior entidade dende os que serán visibles as infraestruturas cabe salientar a vila de Cerceda, localizada a algo máis de dous quilómetros en dirección sueste. En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes, as infraestruturas serán visibles dende distintos elementos de interese (as AEIP, os miradoiros, ou as rutas de sendeirismo próximos), se ben a incidencia visual non será moi significativa.

En todo caso, os principais impactos visuais do proxecto virán derivados da importante acumulación de parques eólicos que se implantarán na contorna (nun radio de 10 km atópanse 10 parques, dos cales dous estarían en explotación, un autorizado e sete en tramitación, acumulando un importante número de aeroxeradores no territorio). O parque máis próximo corresponderíase cun proxecto en tramitación cos aeroxeradores a 550 metros ao norte. Esta circunstancia provocará unha transformación da paisaxe diminuindo a súa calidade visual e estética, nun territorio onde na actualidade só se localizan tres aeroxeradores pertencentes a dous parques en explotación. Tamén se poden producir impactos debido á apertura dos camiños de acceso ás infraestruturas sobre elementos construídos de interese, caracterizadores da paisaxe rural, como son os valados tradicionais, en concreto na contorna das máquinas ME-04 e ME-05.

Respecto á liña de evacuación, o trazado provocará un impacto visual característico dos tendidos eléctricos e en canto á subestación, a súa construción non incrementará substancialmente os impactos paisaxísticos debido a que se sitúa nunha contorna industrial





Indica que as medidas de integración paisaxística previstas no EIIP, poden considerarse adecuadas para atenuar os impactos sobre a paisaxe e o informe conclúe que o principal impacto paisaxístico será a incidencia visual producida polo aerogeradores, que perdurará durante a súa vida útil, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna.

O EIIP axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben as medidas de integración paisaxística deben completarse segundo as seguintes indicacións:

- Ao respecto dos núcleos rurais (directriz de paisaxe DX.20.c), no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aerogeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes.
- En relación á afección aos valados tradicionais (directriz de paisaxe DX.17.a.4 e DX.22.i), deberase procurar na medida do posible a conservación dos mesmos, se ben naqueles casos nos que por razóns técnicas é inevitable a afección, considérase adecuada a medida correctora contemplada no EIIP de dismantelar e repoñer posteriormente os tramos afectados.

Finalmente sinala que, en todo caso, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O promotor presenta un escrito de resposta data 13.01.2023 no que sinala a súa conformidade co informe.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública en informe emitido o 21.12.2022 analízase a documentación achegada polo promotor, identificándose os principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e comprobando se se teñen avaliado no EsiA presentado.

Entre outras cuestións analizadas, no relativo á emisión de gases, o informe indica que o EsiA refire ao emprego de gases illantes, como o hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>), e que no caso de utilización deste gas, deberase contemplar no estudo de impacto ambiental as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial de ser o caso, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Con respecto ao ruído e vibracións, indícase que se debería dispor dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación os limiares de protección establecidos na lexislación. non presenta un estudo preoperacional mediante medicións reais, que indiquen o cumprimento cos limiares establecidos no Real Decreto 1367/2007 e no relativo ao Parpadeo de sombras (*Shadow Flicker*), dise que no estudo realizado (Anexo G), non se presentan resultados no "caso real".

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo de sombras, o EsiA toma en consideración os parques eólicos no ámbito da área de estudo. Dentro da zona de estudo, atópanse na proximidade os parques de Coto Loureiro, Cerceda e Pico Cedeira. No estudo indícase que non existe sinerxía con respecto ao parque eólico Pico Cedeira e preséntanse resultados de efectos sinérxicos con outros parques eólicos.

O informe sinala que non se refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.





Finalmente, conclúese que logo da análise da documentación achegada e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, informa o proxecto como favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos seguintes aspectos:

- Deberase contemplar no estudo de impacto ambiental as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto da utilización do gas SF6, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial de ser o caso, na carga e descarga dos equipos que o empregan.
- Con respecto ao ruído e vibración, o promotor deberá presentar un estudo preoperacional, mediante medicións reais, que sirva mo nivel de referencia, para avaliar a incidencia do parque eólico sobre os niveis sonoros da contorna. Deberá presentar os resultados obtidos do modelado acústico, tanto para o relacionado co PE Meirama-76 como aos obtidos no estudo de sinerxías con outros parques eólicos próximos.
- Con respecto ao efecto parpadeo, deberá presentar os resultados para o escenario “caso real ou estadístico”. O proxecto deberá recoller as medidas a aplicar no caso de superar o limiar establecido neste caso, tanto para o PE Meirama-76 como para o estudo do posible efecto acumulativo e/ou sinérxico con outros parques próximos, así como de ser o caso o correspondente seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

O promotor presenta un escrito de resposta data 13.01.2023 no que sinala a súa conformidade co informe sinalando que presentará a documentación solicitada conforme ao indicado.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é moderado, e que as medidas de prevención incluídas son suficientes, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

O promotor presenta a súa conformidade nun escrito do 17.11.2022.

- A Axencia Turismo de Galicia en informe emitido o 26.12.2022 sinala que a documentación aportada polo promotor inclúe un anexo específico (Anexo F) no que se identifican os principais puntos de interese do entorno do parque e a liña de evacuación, se describen os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e se establecen medidas preventivas, correctoras e compensatorias a desenvolver. Entre outras cuestións, indícase que nun radio de 10 km arredor localízanse 3 parques eólicos autorizados ou en funcionamento e





varios parques en diferentes estados de tramitación , pero non se analiza unha avaliación do posible efecto sinérxico sobre o turismo derivado da presenza doutros parques eólicos.

Finalmente conclúe que o potencial impacto turístico que podería ocasionar o proxecto en xeral sería de baixa magnitude , tanto na fase de obra como na fase de funcionamento, e que deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto sobre os valores turísticos da zona.

Neste sentido sinala que a infraestrutura será visible desde varios puntos de interese turístico polo que considera que o promotor deberá establecer medidas específicas para reducir a súa visibilidade desde os elementos turísticos sinalados como a creación de pantallas vexetais ou a definición doutras medidas orientadas ao fomento do turismo sustentable. Sinala medidas encamiñadas a reducir o tempo de execución das obras e a evitar a afección a puntos de interese turístico, tamén sinala cuestións específicas a incorporar no PVA como:

- Actuacións específicas de supervisión periódica como son a medición, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e semestral durante o terceiro ano, dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hosteleiros situados a menos de 2km dos aeroxeradores, establecendo as medidas necesarias para garantir o cumprimento dos niveis permitidos.
- Transcorrido un ano de funcionamento, levarase a cabo unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos, unha simulación mediante software das horas de parpadeo de sombras , analizando tamén o efecto conxunto con outros parques en funcionamento e aplicando, de ser necesario as medidas correctoras necesarias (pantallas vexetais, parada dos aeroxeradores en determinadas franxas horarias..) e deberase vixiar o cumprimento dos plans de poda e mantemento da vexetación baixo o voo da liña, especialmente no entorno das rutas turísticas próximas durante a fase de explotación.
- Augas de Galicia emite un informe de data 23.12.2022 no que, logo de efectuar un resume de antecedentes do proxecto e citar a lexislación de aplicación, describe o proxecto e o contido do ESIa en relación coa hidrografía e informa en relación coa rede fluvial presente no ámbito de actuación, as afeccións aos cursos fluviais por parte das infraestruturas proxectadas. Inclúe unhas táboas nas que se detallan as afeccións ao medio hídrico detectadas no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, tanto por parte das instalacións e os accesos proxectados, como pola liña eléctrica de evacuación asociada ao parque eólico.

Outra información que recolle son as obrigas que establece a normativa e a lexislación de augas, entre elas a necesidade de obter as autorizacións administrativas do órgano de cunha para calquera actuación realizada en calquera zona susceptible de ser considerada dominio público hidráulico, na zona de servidume ou policía, os novos camiños de acceso ou modificación dos existentes ou construción de gabias e arquetas, a localización dos apoios, a súa altura e a distancia mínima de seguridade do cableado, así mesmo as superficies destinadas a aloxar campamentos de obra e punto limpo que se sitúe en zona de policía e a tala de árbores en zona de servidume, e indica a documentación a aportar inicialmente e o seu contido para a dita tramitación.

Tamén informa sobre as Zonas de Captación de abastecemento humano recollidas no PHGC e os aproveitamentos hídricos inscritos no libro de rexistro de Augas de Galicia.

Tamén informa sobre o contido da lexislación sobre as zonas inundables e zonas de fluxo preferente, as autorizacións e prescricións establecidas para estas zonas. E sinala que todo o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Engade determinadas consideracións sobre as accións do proxecto susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, indicando que tanto os camiños, as drenaxes lonxitudinais e transversais deben cumprir coa normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa. Lembra que se





vai haber algún aproveitamento de augas o promotor deberá estar ao que indique a normativa, e solicitar as concesións de captación ou autorizacións de vertedura que legalmente correspondan se vai a empregar unha depuradora ou unha fosa estanca ou se vai a efectuar calquera outra vertedura.

Remata o informe apuntando unha serie de condicións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto encamiñadas, entre outras cuestións, a reducir ou evitar o arrastre de sedimentos aos leitos dos ríos durante os movementos de terras e polo tránsito da maquinaria, para impedir a contaminación das augas superficiais ou subterráneas pola acumulación de substancias, a non afectar aos niveis freáticos que puideran alterar captación existentes, especialmente, na execución dos alicerces e das gabias.

O informe conclúe que vista a documentación do proxecto, no informe emítense unha serie de consideracións sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e/ou correctoras e plan de vixilancia ambiental, acreditando que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia as afeccións á zona de servidume por parte de determinados elementos do parque e a súa liña de evacuación, que non darían cumprimento ao indicado no artigo 7.3 do RDPH.

E sinala as seguintes indicación para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH:

- Afeccións das Instalacións:

- Afección nº 1: para non afectar a zona de servidume do leito innominado (sen codificar) tributario do rego do rego das Brañas do Espindro (2040380201), indícase que deberase axustar o deseño da zona de xiro e camiño de acceso ao aeroxerador ME-04 no entorno do punto de coordenadas (X=539.405, Y=4.783.103).
- Afección nº 10 - presentación dun treito de paralelismo en zona de servidume do rego de Parada (204038) entre os puntos de coordenadas (X=541.023, Y=4.783.900) e (X=541.081, Y=4.783.979): indica que co obxecto de minimizar a afección á zona de servidume do devandito curso fluvial deberase valorar a posibilidade de executar nese treito a gabiá fóra da zona de servidume do leito.

- Afeccións da LAT:

- Deberanse adoptar as medidas oportunas para non afectar a zona de servidume do leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (20403806) no entorno da coordenada (X=541.759, Y=4.780.037) coa ocupación temporal de dita zona durante a obra de construción do apoio nº 22.

- Afeccións polos camiños de acceso aos apoios:

- Afección nº 20 ao leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904), polo acceso aos apoios nº 48, 49, 50 e 51: lembra que se debe evitar a afección da zona de servidume do leito por obras de execución de novos camiños ou as que se precisen para a modificación ou o acondicionamento dos existentes, fundamentalmente as que poidan supoñer unha ampliación das súas dimensións, a execución de novos noiros (terraplén ou recheo e desmontes), etc., sen prexuízo dos cruzamentos dos leitos que resulten necesarios e que se resolverán mediante a execución das obras de drenaxe ou estruturas de paso que resulten pertinentes.

E remata o informe sinalando que durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara á non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no informe emitido así como as indicadas na documentación sometida a informe.





O promotor presenta un escrito de resposta data 13.01.2023 no que sinala a súa conformidade co informe.

- A Dirección Xeral de Defensa do Monte emite un informe do 21.11.2022 no que indica que non se prevén posibles afeccións que puidieran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, non obstante, deberá velarse porque as infraestruturas forestais estean en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, e de verse afectadas repoñelas o antes posible.

Conclúe informando favorablemente o proxecto, tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas.

O promotor presenta a súa conformidade nun escrito do 22.12.2022.

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, no seu informe de 22.12.2022 indica que os montes sobre os que se sitúan as infraestruturas do parque eólico son de propiedade privada de particulares, sen que resulten afectados montes veciñais en man común nin montes públicos patrimoniais ou demaniais; que dentro do ámbito forestal predominan as masas artificiais de *Eucalyptus spp.* e *Pinus spp.*, ademais de matogueiras, masas mixtas e pequenas masas de frondosas autóctonas e de ribeira; que o proxecto non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas nin a árbores senlleiras; que non se verán afectadas as infraestruturas forestais, agás as pistas situadas na área delimitada polo proxecto e que os concellos de A Laracha e Cerceda están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2017.

Conclúe informando que a instalación do parque eólico Meirama 76 e a súa infraestrutura de evacuación, no ámbito forestal afectará exclusivamente a montes privados de particulares e que a execución do proxecto suporá a corta do arborado na área de afección, principalmente masas produtoras de piñeiro e eucalipto, polo que terá que ter en conta o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

Indica así mesmo unha serie de cuestións en relación co proxecto de interese autonómico. E como se deberán determinar as afeccións de acordo coa normativa sectorial e as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Sinala que tamén terá que terse en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural emite un informe o 04.11.2022 no que sinala que as actuacións non afectan a ningún proceso de concentración ou reestruturación parcelaria rematado e/ou en execución.

O 17.11.2022 o promotor mostra a súa conformidade con este informe.

- A Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático informa o 07.11.2022 que considera viable a instalación do parque eólico xa que a distancia entre os aeroxeradores e o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras é superior aos 20 km, ao que se suma á altitude das instalacións, polo que o impacto sobre a calidade dos datos procedente do radar será marxinal, sen prexuízo de que nun futuro poidan aparecer problemas non contemplados actualmente que implicarían exixir medidas compensatorias.





O 17.11.2022 o promotor da traslado da súa conformidade co contido deste informe

- O Concello de Cerceda, en informe remitido con data do 28.11.2022, sinala que nese concello se sitúan dous dos aeroxeneradores (ME05 e ME03) e emite unha serie de consideracións técnicas, con especial referencia ao procedemento de tramitación e aos efectos aditivos, destacando que se están a tramitar varios parques eólicos moi próximos ao parque eólico Meirama 76 e que deberase cumprir a distancia lexislada ás vivendas e ao solo apto para calquera edificación con uso de vivenda, indicando os radios de afección e debería ser obxecto dun informe urbanístico e de compatibilidade por parte da promotora.

Conclúe informando desfavorablemente a execución do parque eólico, motivado en que: a liña de evacuación atravesa varios núcleos rurais, as distancias aos núcleos que provocan danos estruturais dos mesmos e afectan ao desenvolvemento rural, económico e demográfico. E considera que non se xustifican adecuadamente as emisións radioeléctricas que poden afectar aos mencionados núcleo e que o aeroxerador M05 debería revisarse de xeito explícito xa que parece non cumprir a distancia as vivendas e que se aprecian servidumes de viais afectadas ou que dificultaría o seu mantemento.

- Doutra banda, non consta que o concello de A Laracha emitira informe sobre o EslA, achegando o órgano substantivo a respectiva solicitude de informe efectuada pola unidade tramitadora, tamén nos remiten as solicitudes de informe que efectuou como partes interesadas a ADEGA, á FEG, á SGHN e á SGO,, e o traslado efectuado pola unidade tramitadora ao promotor dos informes emitidos polos organismos consultados e as alegacións, quen considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a súa emisión.
- Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal considera que unha vez transcorrido o período de información pública procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.

▪ No tocante a alegacións, no expediente remitido polo órgano substantivo constan 268 alegacións, 9 dos escritos foron presentados por diversas asociacións, entidades ou organismos e dous concellos sendo as restantes alegacións presentadas por particulares (varias delas con múltiples asinantes).

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito de competencia do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, utilidade pública do proxecto, afección económica e interese e retorno social, Plan sectorial eólico, capacidade de acollida de proxectos eólicos, fragmentación de proxectos, aspectos urbanísticos, acceso á documentación, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

No relativo ás alegacións de contido ambiental, débese sinalar que a maioría dos escritos recibidos versan sobre contido idéntico ou moi similar.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir a avaliación de impacto ambiental do proxecto (impacto ambiental en xeral, estudo de alternativas, incidencia sobre os núcleos de poboación, a saúde da poboación, o impacto acústico, contaminación lumínica, afeccións ao patrimonio cultural e aos camiños de Santiago, impacto electromagnético; o impacto paisaxístico, afección á rede de miradoiros, ás AEIP, aos LEIP e outras unidades paisaxísticas e xeración de feísmo; afeccións á hidroloxía e hidroxeoloxía e vulneración da directiva Marco da auga; afeccións ao solo; afeccións ás brañas e humidaís; posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e infraestruturas





asociadas, afeccións á flora, fauna (aves, quirópteros, lobo etc), vulneración da directiva de hábitats, afeccións á biodiversidade, espazos naturais (Rede Natura 2000 e outros espazos protexidos), afeccións ao turismo, vulneración da lei de montes de Galicia, etc.) e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

### 2.3 Efectos sinérxicos

O EsIA aportado polo promotor inclúe dentro dun anexo específico (Anexo K) un estudo de sinerxías e efectos acumulativos que ten por obxecto analizar os posibles efectos aditivos ou sinérxicos do proxecto do PE Meirama 76 e a súa liña de evacuación con outros proxectos de parques eólicos, levando a cabo esta análise en función de distintos aspectos ambientais, na fase de obras e de funcionamento, nun radio de 5 km de distancia, ampliado a 10 km no caso dos espazos naturais protexidos e a 15 km no caso da paisaxe.

As infraestruturas encadradas no ámbito definido de estudio, no momento da súa elaboración, son as seguintes:

- Parques con información pública: As Encrobas, Meirama.
- En funcionamento, autorizado, en obras: Arteixo (modificado), Cerceda, Inditex, Laracha, O Picoto, Pedrarrubia, Pena Galluda.
- En trámites previos: Carboeiro, Coto Loureiro, Gasalla, Legre, Monte Inxeiro, Monte San Bartolomé, Monteagudo, Pedra Queimada, Pena Galluda, Solpor, Teixos.
- Pendentes de admisión: Chan de Paraños.
- Sen acceso á rede de evacuación Pico Cedeira.

A nivel xeomorfolóxico, pódense dar efectos acumulativos ou sinérxicos polas modificacións do relevo da zona, necesarias para a implantación das infraestruturas como a realización de escavacións, explanacións. Con todo estas modificacións afectarán principalmente á paisaxe xa que a nivel xeolóxico os cambios considéranse pouco significativos.

A nivel hidrolóxico, o parque eólico Meirama 76 e a súa liña de evacuación localízanse na Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Logo de analizar os elementos sinérxicos dentro de cada unha das unidades hidrográficas/concas sobre as que se sitúan os distintos elementos do proxecto conclúese que non son previsibles afeccións significativas á rede hidrolóxica pola construción do proxecto sempre que se adopten as medidas establecidas no EsIA (Apartado 122 da memoria, Medidas preventivas e correctoras) polo que a priori non se esperan efectos acumulativos ou sinérxicos coas instalacións avaliadas (parques eólicos e liñas de alta tensión existentes ou en diferentes fases de tramitación administrativa e no caso de que se puidese dar algún efecto sinérxico este produciríase nas concas hidrográficas Río Anllóns, Río Lengüelle, Río Barcés e Encoro de San Cosmade e os parámetros das augas que poderían variar son o pH, a condutividade, e podería aumentar a presenza de sólidos e a presenza de hidrocarburos.

Con respecto aos hábitats, as infraestruturas que se identificaron poden xerar un impacto sinérxico ao implicar a redución da superficie dos hábitats afectados polas obras. Entre as superficies ocupadas polas infraestruturas inclúense áreas caracterizadas como "Brezais húmidos atlánticos" ou "Vexetación riparia con amieiro e/o salgueiro", formacións consideradas prioritarias de acordo coa Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992. Indícase que durante a fase de replanteo do proxecto procederase ao estudo individualizado sobre o terreo de cada unha destas afeccións a hábitats considerados prioritarios, introducindo as modificacións necesarias para minimizar as afeccións sobre estas formacións. Durante a explotación do parque eólico e a liña de evacuación será necesario xestionar a





biomasa nun total de 36,03 ha pero non será necesaria a retirada da totalidade da cobertura vexetal nestas zonas, xa que as actuacións sobre este tipo de hábitats derivadas da implantación das infraestruturas limitáanse á retirada das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 ou a poda de exemplares concretos de especies arbóreas autóctonas cuxo porte resulte imprescindible controlar para garantir a distancia de seguridade cos condutores da liña. Do mesmo xeito, tampouco será necesario actuar sobre a área caracterizada como brezal húmido xa que este tipo de hábitats non se consideran áreas de acción en materia de prevención de incendios ao tratarse de contornas húmidas pouco combustibles.

O proxecto aproveita en gran medida os viais existentes polo que se considera que o cambio nos usos do chan é irrelevante á hora da perda da conectividade ecolóxica. Non existen sinerxías significativas con outros parques eólicos respecto á fragmentación de hábitats xa que o parque Meirama 76 aproveita en gran medida devasa e pistas, e os cambios de uso do chan pola instalación das infraestruturas considérase pouco significativo. Respecto á conectividade aérea na zona de estudo non se detectaron roteiros migratorios ou outros roteiros específicos. Por tanto, non existe perda significativa de conectividade ecolóxica e en consecuencia non existen efectos sinérxicos con outras instalacións similares.

Da análise dos efectos sinérxicos sobre a fauna que inclúe o EsIA, cabe destacar que durante a fase de explotación os principais son o efecto barreira e o aumento do risco de colisión/electrocución. Tendo en conta unicamente os proxectos autorizados e instalados, o parque eólico aumentaría o efecto barreira e o risco de colisión nun 12,57 % polo que se se comparan as áreas de barrida, o parque eólico Meirama 76 supón un incremento respecto ao total de todos os parques eólicos analizados do 4,46 %.

Analizando a lonxitude das liñas eléctricas de alta tensión na zona de estudo (15 km) obtense que teñen unha lonxitude de 421.606,73 m, por tanto, se se realiza a liña de conexión, o tramo aéreo incrementaría o risco de colisión/ electrocución en 2,84 %.

O estudo indica que este efecto barreira e o aumento de risco de colisión teñen especial importancia naquelas especies que mostran un grao de conservación máis desfavorable, como o *Circus pygargus* e *Circus cyaneus* e que respecto aos mamíferos, os quirópteros son o grupo máis vulnerable fronte aos proxectos eólicos por mor do risco de colisión e morte por barotrauma, mais a falta de cavidades artificiais relevantes nas áreas de maior altitude próximas aos aerogeradores, e o feito de non estar documentada a presenza de cavidades naturais como covas ou grutas na contorna máis próxima do parque, fan pouco probable a existencia de refuxios naturais de importancia nas súas proximidades e a afección directa a refuxios, polo que os posibles efectos sinérxicos ou acumulativos sobre estas especies serían o aumento das mortes por colisión ou barotrauma. Respecto ao resto de mamíferos, son en xeral especies de ampla distribución, destacando a a posible presenza de nutria europea (*Lutra lutra*), en réxime de protección especial, pero dado que as accións do proxecto non afectan as masas de auga da contorna de maneira significativa, non son previsibles impactos sobre a poboación desta especie, e por tanto, non poden existir efectos sinérxicos. Tampouco son previsibles afeccións significativas sobre o lobo, e no relativo aos anfibios, se ben non foron observados taxóns ameazados en ningunha das visitas realizadas á área de estudo, o promotor comprométese a evitara a afección a zonas asociada aos pequenos cursos de auga e zonas máis húmidas da contorna, para preservar as poboacións destas especies. Os efectos acumulativos ou sinérxicos sobre os anfibios e réptiles daríanse ao nivel da destrución ou empeoramento da calidade de hábitats, con todo, as medidas preventivas e correctoras que se establecen nos EsIA e nas DIAs fan pouco previsible que teñan un efecto significativo sobre estes grupos.

No ámbito do 10 km localízanse 3 zonas ZEC (Río Tambre (ES1110016), Encoro de Abegondo - Cecebre (ES1110004) e Río Anllóns (ES1110015)), a área de estudo inscríbese en terreos incluídos na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo localizándose tamén 2 espazos naturais de interese local. Os parques eólicos localízanse fóra do espazo ZEC polo que non se vai a afectar os seus hábitats propiamente ditos. Na zona de implantación do proxecto, veranse afectados hábitats comúns cos das ZEC mencionadas (4030 Brezais secos europeos, 91E0\* Bosques aluviales de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, 9230 Robledais galaicoportugueses con *Quercus robur* e *Quercus pirenaica*, e se ben non se dispón da cartografía de hábitats dos parques eólicos próximos, polo que non se pode avaliar de





maneira precisa o efecto sinérxico ou acumulativo, dise que poden existir hábitats similares aos protexidos na ZEC, pero que non se afectará directamente a ningún hábitat propio da ZEC por ocupación directa do terreo. Non se detectou a presenza de ningunha das dúas especies de flora de especial conservación (*Narcissus cyclamineus*, *Narcissus pseudonarcissus ssp. Nobilis*); non é previsible a afección a invertebrados polo proxecto; respecto os anfibios e réptiles (*Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Lacerta schreiberi*, *Lacerta monticola*) ningunha das especies foi detectada nas visitas a campo e a priori, se se aplican as medidas preventivas e correctoras non se vai a afectar a ningunha destas especies, nin de maneira significativa aos seus hábitats. Na memoria do EsIA establécese un plan de vixilancia ambiental para que no caso de detectar afección significativa sobre este grupo faunístico e tomen as medidas apropiadas.

Non é previsible a afección significativa á rede fluvial sempre que se apliquen as medidas preventivas e correctoras polo que non se esperan afeccións á nutria (*Lutra lutra*) ou a desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*).

Por tanto, conclúe que non son previsibles efectos sinérxicos/acumulativos sobre estas especies, e no caso de que se desen sería sobre o grupo de quirópteros para o que se establece un plan de vixilancia específico para o parque eólico, que en caso de superar os limiares tomaríanse medidas adicionais.

A nivel acústico e de efecto parpadeo, non se vai a producir un efecto sinérxico ou acumulativo por outros parques eólicos (non se producen afeccións acústicas ou de efecto parpadeo sobre a reserva da Biosfera).

Fai unha análise sobre os efectos na calidade sonora, en fase de obra e desmantelamento: non considera que o efecto ruído da maquinaria, os vehículos e as actividades propias da obra supoñan un impacto significativo para a poboación e en fase de funcionamento, considera a existencia de efecto sinérxico cando, sobre un mesmo núcleo de poboación e dentro do límite de influencia de cada parque eólico, recíbese unha afección sonora proveniente de 2 ou máis parques eólicos.

Indica que con outros PPEE prodúcense sinerxías nos núcleos Salgueiras, Insuboa, Parada, sobre estes o efecto sinérxico fai que se aumente en 1 ou 2 dB o índice nocturno, con todo, sobre os núcleos A Cima, Silvoso, Portodoso, Trexedo aumenta significativamente. O núcleo A Cima pasa de aproximadamente 42 dB co PE Meirama 76 a aproximadamente 44 dB co PE Meirama 76 e outros parques eólicos, moi próximo ao límite legal. O núcleo Silvoso pasa de aproximadamente 39 dB co PE Meirama 76 a aproximadamente 43 dB co PE Meirama modificado e outros parques eólicos. O núcleo Trexedo pasa de aproximadamente 31 dB co PE Meirama modificado a aproximadamente 45 dB co PE Meirama 76 e outros parques eólicos, no límite legal establecido. O núcleo Castiñeira pasa de aproximadamente 31 dB co PE Meirama 76 a aproximadamente 39 dB co PE Meirama 76 e outros parques eólicos. En relación co efecto parpadeo, son receptores afectados todas as edificacións catalogadas polo catastro cun uso "residencial". Neste caso existe sinerxía do PE Meirama 76 cos Parques eólicos Coto Loureiro e Cerceda, non así co Parque eólico Pico Cedeira.

A nivel paisaxístico prodúcese un incremento lixeiro da visibilidade sobre os espazos naturais protexidos, diminuír a calidade da paisaxe e aumentará o número de elementos visibles na zona. A visibilidade exclusiva asociada ao PE Meirama 76 afecta a 1,1 ha, unha superficie pouco significativa respecto ao ámbito de estudo xa que representa un 0,001% do total. Prodúcese visibilidade sinérxica de proxectos, é dicir, é posible divisar de forma simultánea algún dos elementos do proxecto e algún dos elementos dos proxectos incluídos nesta análise no 41,195 % do territorio.

De acordo con esta análise, aínda que se producirá un impacto visual negativo na contorna, motivado principalmente pola instalación das turbinas, hai que ter en conta que a zona na que se sitúa o parque eólico existen actualmente e proxéctanse instalacións similares que xa xeran un impacto visual, polo que considera que o aumento de infraestruturas visibles xerado polo parque eólico vai ser pouco significativo respecto do conxunto de afección visual xerado os proxectos en distintas fases na área de estudo. Ademais, a apertura de viais, o acondicionamento doutros existentes, a creación de gabias para o cableado ou a realización das plataformas eólicas e as áreas de obra durante a fase de construción e desmantelamento van supoñer a eliminación do chan orixinal, eliminación da vexetación e crearanse





zonas de noiros, desmontes e terrapléns que supoñen unha fragmentación da paisaxe, con todo realizaranse medidas preventivas e correctoras como reperfilado do terreo, revexetación que non supoñerán un efecto sinérxico ou acumulativo ao non ser que coincidan en fase de construción con outros parques eólicos.

En canto ao medio socioeconómico, a presenza dos parques eólicos creará postos de traballo na zona próxima á implantación dos mesmos (impacto positivo) e respecto ao turismo a principal afección é a nivel paisaxístico, se se ten en conta só o PE Meirama 76 e a súa liña de conexión xeran un impacto que se considera pouco significativo, con todo, se se teñen en conta todos os parques eólicos próximos estes poden facer diminuír o turismo.

O estudio remata facendo mención ás medidas preventivas, correctoras e compensatorias programadas e incluídas no EsIA, e ao plan de vixilancia do parque eólico previsto.

No que respecta ao informado polos organismos en relación aos efectos acumulativos e/ou sinérxicos do proxecto:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural analiza o contido da documentación con respecto ao patrimonio cultural e con respecto aos efectos sinérxicos sinala que o anexo K *Estudo de Sinérgias* do EsIA considera que, no que respecta ao patrimonio cultural, a afección será a nivel individual do parque eólico Meirama 76 e a liña de evacuación.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural no informe do 18 de decembro 2022, analiza os efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto e para o que ten en conta o recollido polo promotor sinalando que con respecto ás sinerxías o EsIA contempla o anexo K e fai unha análise e valoración dos posibles efectos acumulativos e sinérxicos do proxecto.

Sinala que as áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, vén establecendo por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, considera que as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.

Co fin de analizar estes efectos, a dirección xeral calculou, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. *Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0)*. SEO/BirdLife, Madrid). Considerou tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparou a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios: rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo, áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas





no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia, reservas da biosfera e o resto do territorio

A partir desta aproximación, en segundo lugar avalía a situación local. Así, sinala que o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde considera que o aumento de densidade de aerogeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.

A Dirección Xeral de Saúde Pública recolle no seu informe do 21 de decembro de 2022, o exposto no EslA en referencia ao ruído e as vibracións para o que se realizou unha avaliación mediante modelado do posible efecto acumulativo ou sinérxico, durante a fase de explotación, en relación aos parques máis próximos (PE Coto Loureiro, PE Cerceda e PE Pico Cedeira), pero que non presenta unha avaliación mediante modelado dos resultados obtidos de dito estudo, e que o EslA conclúe que se producen efectos sinérxicos incrementándose a afección nalgúns núcleos, entre 1-2 dB(A), destacando os núcleos de A Cima, Silvosos, Portodoso e Trexezo, polo aumento significativo dos valores rexistrados.

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo de sombras, toma en consideración os parques eólicos no ámbito da área de estudo. Dentro da zona de estudo, atópanse na proximidade os parques de Coto Loureiro, Cerceda e Pico Cedeira. No estudo indicase que non existe sinerxía con respecto ao parque eólico Pico Cedeira e presentanse resultados de efectos sinérxicos con outros parque eólicos sobre os receptores indicados na Táboa nº 10 – Anexo Sinerxías de efecto parpadeo.

Nas súas conclusións, e tal e como xa se sinalou no apartado 2.2 desta DIA, sinala unha serie de medidas relacionadas co ruído e as vibracións, así como o efecto parpadeo, establecendo que o promotor deberá presentar una serie de estudos e resultados para os que deberá ter en conta os estudos de efectos acumulativo e/ou sinérxico con outros parques eólicos próximos.

O Instituto de Estudos do Territorio, no seu informe do 5 de decembro de 2022 conclúe, entre outras cuestións, que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aerogeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aerogeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP-10-09 Monte do Xalo, as rutas de sendeirismo e os miradoiros mencionados anteriormente, e os núcleos de poboación. Aínda que non é viable ocultar ou apantallar os aerogeradores desde a maioría dos puntos de observación (agás nos núcleos rurais), esta incidencia visual non supón (para os efectos do artigo 33.1.d do RLPPG) un impacto crítico.





### 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Meirama 76 consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 21 MW de potencia total nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña), constituído por 6 aerogeradores (4 de 3,45MW e 2 de 3,6 MW de potencia nominal unitaria), e a súa infraestrutura asociada que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

| Vértices poligonal | UTM X      | UTM Y        |
|--------------------|------------|--------------|
| 1                  | 541.024,89 | 4.781.322,71 |
| 2                  | 536.859,35 | 4.783.918,93 |
| 3                  | 537.746,14 | 4.785.248,56 |
| 4                  | 539.431,62 | 4.785.111,04 |
| 5                  | 540.413,70 | 4.786.382,61 |
| 6                  | 542.501,92 | 4.785.903,99 |
| 7                  | 543.652,90 | 4.784.611,99 |

Ademais, proxéctase unha liña eléctrica de 30 kV e 13.294 m de lonxitude composta por dous tramos aéreos cunha lonxitude total de 11.956 metros e 73 apoios metálicos de celosía, e tres tramos soterrados de 1.338 metros en total e unha posición transformadora de potencia de 30/200 kV.

A localización dos aerogeradores, os apoios e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle nos planos **nº 3 Alternativas seleccionadas** do EsIA titulado *Estudio de Impacto Ambiental PE Meirama modificado Y LEMT 30kv CCS "PE Meirama Modificado" - "SET Meirama". Enero 2022*, agás para o que se poida derivar do apartado 4.1.

#### 4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, estableceuse como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevaleceran fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte as anteriores.

2. No que respecta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas pola dita dirección xeral para garantir a minimización do impacto por colisión en aves (pintado das aspas dos aerogeneradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral) e, para as especies recollidas no EsIA e no informe da antedita dirección xeral, así como outras especies de rapaces para as que se detecte un aumento da frecuencia, implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisión tales como sistemas de detección baseados en vídeo) e quirópteros (restringir a rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime), así como as diversas actuacións a desenvolver no marco do programa de vixilancia ambiental, incluíndo aquelas destinadas a desenvolver para verificar a eficacia das ditas medidas. Terase en conta tamén as demais condicións que se recollen no seu informe.

O documento que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberá contar previamente ao inicio das obras co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.





O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

3. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no estudo elaborado polo promotor e avaliado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

4. No referido ao informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en canto ás actuacións relativas á instalación do proxecto no entorno do *Castro de Virís*, GA15024020 e na contorna do hórreo do Coto de Abaixo en San Román das Encrobas, así como as actuacións de cara a comprobar as anomalías topográficas sinaladas no seu informe, o promotor deberá actuar segundo as directrices alí recollidas pola antedita dirección xeral.

A documentación que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberá ter en conta o que se derive doutros condicionantes desta DIA e contará, de xeito previo á obra, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Nese momento, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co indicado na condición 4.3.3 da DIA.

Nese contexto, e tendo en conta a configuración proposta, o órgano substantivo consultará sobre as modificacións do proxecto aos organismos que sexan necesarios por razón de materia.

Deberase contar coa planta definitiva do proxecto de xeito previo ao inicio de obra do proxecto. O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia da documentación onde se reflicta a configuración final do proxecto

5. No que respecta ao informe de Augas de Galicia, e sen prexuízo do resto de medidas establecidas no seu informe, previamente ao inicio das obras o promotor deberá efectuar unha proposta de actuacións/medidas na que dea resposta ás cuestións sinaladas polo organismo no seu informe en relación co deseño da zona de xiro e camiño de acceso ao aeroxerador ME-04, cun treito de paralelismo en zona de servidume do rego de Parada, coas medidas oportunas para non afectar a zona de servidume do leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (20403806) coa ocupación temporal durante a construción do apoio nº 22, e as afeccións aos accesos aos apoios nº 48, 49, 50 e 51.

Na elaboración da proposta deberán terse en conta os distintos valores ambientais presentes na zona de acordo co estudo de impacto ambiental ou posteriores estudos que poidan efectuarse, así como tamén os condicionados que se derivan desta DIA. De ser preciso, adaptarase a localización dos puntos de mostraxe para o seguimento da calidade das augas

Esta proposta deberá contar previamente ao inicio das obras, co informe favorable de Augas de Galicia ao respecto.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, conforme o requirido na condición 4.3.3 da DIA.

6. Con respecto ao referido pola Dirección Xeral de Saúde Pública no seu informe en relación co ruído e vibracións e ao efecto parpadeo, o promotor deberá elaborar, previo inicio de obras, un documento que dea resposta ao solicitado pola dirección xeral.

A dita documentación deberá contar co informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública, e, no caso que non sexa presentada en prazo ou non resulte adecuada, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos dende o punto de vista sanitario. O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, conforme o requirido na condición 4.3.3 da DIA.





7. En canto a posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras* (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do proxecto, nos potenciais receptores non se poderán superar os límites de exposición que en cada momento estableza a autoridade competente ou normas que o regulen, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou protectoras como programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o límite recomendado.

Neste sentido, levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

Terase en conta as indicacións recollidas pola Axencia Turismo de Galicia no seu informe sobre este aspecto.

8. O promotor debera depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e debera fixar o órgano substantivo, a cantidade de 479.876 euros, dos cales 205.661 corresponden a fase de obras e 274.215 á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e so se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes a restauración (coa vexetación debidamente implantada) como as demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

#### 4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

##### 4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento das instalacións do proxecto deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).





Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor levará a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4. Respecto aos campos electromagnéticos, estarase ao disposto no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

#### 4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece na condición 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utilíxase nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate a ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

5. Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.





6. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

7. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, a rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

8. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

9. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

10. No caso necesario as instalacións deberán contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nelas. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo deunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

11. O edificio de control deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo deunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

#### 4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.





2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.
3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.
4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.
5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.
6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.
7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.
8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).
9. Os elementos do proxecto non suporán un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.
10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas debidamente sinalizadas que presten o mesmo servizo.
11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.
12. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

#### 4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento das infraestruturas e instalacións que compoñen o proxecto deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.
2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, provisión de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.





A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.9, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control durante a fase de funcionamento. Sinalarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirase en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

#### 4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

##### 4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras ou as tarefas de mantemento periódico da rúa de seguridade da liña, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaracha cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a





finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén un plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditadas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. En canto ao seguimento das posibles afeccións sobre a avifauna e os quirópteros, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia de colisións e electrocucións co tendido, así como identificar posibles tramos e/ou apoios problemáticos neste sentido.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, instalar e/ou aumentar a cantidade de dispositivos anticollisión ou cambiar a súa tipoloxía, instalación de disuasores de pousada, illamento de condutores, eliminación do gando morto (ou cubrición ata a súa retirada para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, evitar a rotación das pas en horarios (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas (baixas velocidades do vento, etc) de maior actividade de quirópteros, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

#### 4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

Reduciranse especialmente ao mínimo necesario os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas, así como, de ser o caso, da vexetación de ribeira e outras árbores singulares e/ou protexidas, para o que se seguirá o criterio básico de intervención mínima.





Lémbrese que para a corta de arboredo, terá que presentarse previamente a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

2. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

3. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

4. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

5. Preservarase a vexetación higrófila e as zonas húmidas como refuxio e hábitats sobre todo de anfibios.

6. Para garantir a non afección e a compatibilidade das actuacións coa conservación das especies de flora ameazada así como dos hábitats naturais que puideran estar presentes na zona, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

7. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

8. No referente aos accesos aos apoios e á traza da liña, terase en conta o seguinte:

- Na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios, primará o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental e afectando o mínimo posible á vexetación natural.





- No caso de accesos de nova execución, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais que puidesen existir na área. Sempre que sexa posible, o novo acceso efectuarase por simple rodadura fronte aqueles métodos que precisen movementos de terras, empregando técnicas de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal. Así mesmo, implementaranse as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.
- Independentemente do tipo de acceso, previamente a súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra do acceso. A anchura será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian a ser empregados durante a fase de funcionamento da liña, deberanse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa superficie.

9. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña, teranse en conta as seguintes cuestións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.
- En calquera caso, limitaranse os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas ao mínimo necesario, así como, de ser o caso, a vexetación de ribeira e outras árbores ou rodais singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas.

Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvagardar a vexetación de ribeira existente nalgúns dos cursos fluviais sobrevoados pola liña, e nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas. Para o cumprimento desta premisa, seguirase o criterio básico de intervención mínima, nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas, axustarase o ancho da rúa ao mínimo esixible pola lexislación sectorial dando lugar a unha rúa de ancho variable.

Prestarase especial atención ao cumprimento da medida correctora consistente en elevar os apoios e dotar aos condutores de altura suficiente co obxecto de evitar, ou minimizar a tala da vexetación e manter integramente bosque de ribeira e as zonas onde se atravesen masas de arboredo autóctono. No caso de ser necesario tensaranse os condutores ao máximo tecnicamente posible para alcanzar unha maior altura sobre o arboredo e evitar a tala ou poda dos exemplares, para estes casos.

- En todo caso, as actuacións baixo a liña consensuaranse coa Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e coa de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

10. Deberá garantirse que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que especies da flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables, así como os hábitats. Garantirase a non afección e conservación dos exemplares que puideran estar presentes na zona de actuación, de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril), tanto na fase de construción como na de explotación. En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto no artigo 51 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Terase en conta en particular as obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007 (na súa versión consolidada), relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

11. Calquera actuación de carácter inevitable que afecte aos sistemas naturais, levará asociada a restitución íntegra do espazo afectado e á maior brevidade posible.





#### 4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística.

2. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (contorno dos apoios da liña, execución de novos accesos, contorno da subestación, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se fora o caso, etc.), deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas labores de restauración e revexetación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e favorecer a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras o antes posible, deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo. Nas superficies afectadas por movementos de terras procederase inmediatamente á total revexetación.
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer das áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, empregaranse unha mestura de herbáceas e arbustivas, proporción de cada grupo de especies na mestura axustarse, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 g/m<sup>2</sup> (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Garantirase a efectividade dos labores de restauración e o mantemento da revexetación ao longo do tempo, para o que se efectuará un seguimento da súa efectividade e se adoptarán as medidas correctoras oportunas no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da revexetación.
- No caso de detectarse a aparición de especies invasoras, adoptaranse as medidas requiridas no punto 7 do apartado 4.2.5.2.





3. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores e apoios, torres meteorolóxicas e subestación transformadora (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

#### 4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.

Xunto co anterior, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia dos informes aos que se fai referencia nas condicións 4.1.2, 4.1.4, 4.1.5 e 4.1.6 desta DIA, xunto coa documentación na que se baseen.

Tamén achegará para a súa constancia no expediente, un plano en planta a escala 1:10.000, dotado de coordenadas UTM, no que se reflectan todas as infraestruturas e instalacións proxectadas no proxecto, diferenciando os viais preexistentes dos de nova construción así como as gabias de cableado, os apoios e os tramos de liña aéreos e os soterrados, instalacións de obra e do parque de maquinaria, etc, no que se terá en conta o que se derive das condicións do apartado 4.1.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

### 5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMIENTO AMBIENTAL

#### 5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (previo inicio de obras, replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.





Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EslA ou nesta DIA, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

## 5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do EslA, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.
- En canto aos puntos de mostraxe para a avaliación do nivel sonoro, ademais dos xa incluídos na documentación, deberán comprender os núcleos poboacionais, vivendas illadas e/ou áreas sensibles máis próximas ás instalacións. As medicións realizaranse no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas, e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1: 10.000.

Deberán terse en conta ademais, os establecementos hoteleiros conforme ao sinalado pola Axencia Turismo de Galicia.

- Deberase efectuar unha campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para poder aplicalos aos datos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuaranse medicións en cada punto dos indicados no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento, o seguimento realizarase nos puntos máis próximos aos aeroxeradores e á subestación proxectada, cunha frecuencia mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo, e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.





2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
  - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
  - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
  - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
  - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
  - Detección de especies invasoras.
  - Etcétera.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coas condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión na fase de explotación, ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.2, ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:
  - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberan cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección.
  - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico e a súa liña de evacuación sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aerogeneradores e a LAT, e a detección de morte por colisión e electrocución e o control de posible nidificación nos apoios.
  - Describírase a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e electrocución e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección par corrixir as posibles desviacións.

  - A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.





- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e electrocución e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
  - Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA, sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.2.
  - Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.
- En relación coa condición 4.2.5.1.4 da DIA, no que se refire ao lobo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe que se ten que dar cumprimento ao punto 18 (Efecto barreira das infraestruturas), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

Neste sentido, establece que no primeiro ano de funcionamento do parque, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á dita dirección xeral un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

Na procura da mellor implementación das ditas medidas, o promotor e o órgano substantivo terán en conta que todos os aspectos relativos á súa planificación e desenvolvemento deberanse coordinar previamente coa dita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Para a realización dos estudos ou calquera actuación que se desenvolva no marco do programa de vixilancia e seguimento ambiental en relación coas especies protexidas, o promotor deberá contar coas autorizacións que correspondan da antedita dirección xeral.

### 5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:





- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final doas instalacións e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores e os apoios, contorno da subestación/edificio de control, torres meteorolóxicas, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado da rúa de seguridade e da limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do proxecto, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluírase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, da subestación/edificio de control, das torres meteorolóxicas e dos apoios da liña.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: poligonal do parque, aeroxeradores, vieiros, subestación/edificio de control, torres meteorolóxicas, trazado da liña e localización dos apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:





- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeróxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros (incluíndo todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais ás que fai referencia a condición 4.1.2 da DIA), das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.

No caso do plan de vixilancia ambiental e control da mortalidade por colisión de aves e quirópteros terase en conta o establecido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural no anexo I do seu informe.

- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros e da rúa de seguridade, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación/edificio de control e torres meteorolóxicas, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

- d) Cando corresponda segundo o expresado na condición 5.2.2 da DIA sobre as actuacións de estudo e seguimento do lobo, xunto co informe en fase de funcionamento achegarase un documento específico cos contidos que se determinen en función do sinalado na dita condición.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

**4. Informe previo ao abandono:** cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

**5. Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación





## 6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
(asinado electronicamente)

---

## RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Meirama 76, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(asinado electronicamente)

